



nota de prensa

Terceira semana de protestas en Cuntis para reclamar a reposición do servizo de pediatría

As protestas contra os recortes da Xunta nos servizos de pediatría espállanse por diversos puntos do País: Cangas, Muxía ou Dumbría son outros concellos nos que tamén se levan a cabo mobilizacións por este motivo. Veciñanza proporalle ao resto de grupos da Corporación de Cuntis elevar o ton das protestas.

Cuntis. 21 de novembro de 2018

Este venres día 23 levarase a cabo, se a Xunta segue sen repoñer o servizo de pediatría en Cuntis, a terceira concentración veciñal consecutiva no Centro de Saúde en protesta contra esta supresión. Será, como de costume, ás 13:00 h. Veciñanza fai un chamamento ao resto de grupos da Corporación a impulsar e colaborar máis activamente na difusión destas concentracións veciñais e proporalles valorar outras opcións e horarios recollendo as demandas que moitos veciños/as foron suxerindo.

É necesario que Cuntis continúe a erguer a voz agora que noutros puntos do País xorden mobilizacións semellantes. Aldán, Muxía ou Dumbría sumáronse recentemente ás protestas iniciadas na nosa vila.

Veciñanza apostou dende un primeiro momento pola mobilización veciñal como resposta aos recortes da Xunta en materia sanitaria. Esta vía demostrouse acertada vendo a boa aceptación manifestada polos veciños e veciñas de Cuntis non só presencialmente, senón tamén nas redes sociais. Veciñanza desenvolve unha intensa campaña de difusión e pídelle ao resto de grupos que fagan o mesmo para acadar que a información chegue a todas as persoas do noso municipio. Segundo explicou o voceiro municipal, Santi Martínez, *"sempre puxemos en valor a unanimidade dos grupos á hora de respaldar a vía da mobilización veciñal por enriba das cores políticas. Agora tócanos impulsala con determinación e recollendo as demandas e suxestións que recibimos, que nalgúns casos se refiren a horarios e en moitos outros a trasladar as mobilizacións á porta da Consellaría"*. Veciñanza está traballando para canalizar este malestar e conseguir a recuperación da praza de pediatría suprimida hai xa varias semanas.